

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SAN XOÁN BAUTISTA DE CERDEDO.
CURSO: 4º DE PRIMARIA
MATERIA: CASTELLANO.
DEPARTAMENTO:
DATA: ABRIL DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CASTELLANO 4º)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LC-B1.1	4º-LCB1.1.1 - Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
LC-B1.1	4º-LCB1.1.2 - Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.
LC-B1.2	4º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.
LC-B1.3	4º-LCB1.3.1 - Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.
LC-B1.4	4º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
LC-B1.5	4º-LCB1.5.1 - Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
LC-B1.7	4º-LCB1.7.1 - Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
LC-B1.8	4º-LCB1.8.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.
LC-B1.9	4º-LCB1.9.1 - Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.
LC-B2.1	4º-LCB2.1.1 - Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
LC-B2.1	4º-LCB2.2.1 - Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.
LC-B2.2	4º-LCB2.2.2 - Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados á súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
LC-B2.3	4º-LCB2.3.3 - Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.
LC-B2.3	4º-LCB2.3.6 - Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.
LC-B2.5	4º-LCB2.5.1 – Consulta a biblioteca, de xeito guiado, e diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.
LC-B2.8	4º-LCB2.8.1 - Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e

	tratamento guiado da información.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de Lengua castellana y literatura de 4º de Primaria
LC-B3.1	4º-LCB3.1.2 - Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
LC-B3.1	4º-LCB3.1.4 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
LC-B3.3	4º-LCB3.3.1 - Pon interese e esforzase por escribir correctamente.
LC-B3.3	4º-LCB3.3.2 - Reproduce textos ditados .
LC-B3.5	4º-LCB3.5.2 - Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
LC-B4.1	4º-LCB4.1.1 - Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.
LC-B4.1	4º-LCB4.1.2 - Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos.
LC-B4.1	4º-LCB4.1.3 - Diferenza familias de palabras.
LC-B4.2	4º-LCB4.2.1 - Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita .
LC-B4.2	4º-LCB4.2.3 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
LC-B4.2	4º-LCB4.2.5 - Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado .
LC-B4.3	4º-LCB4.3.3 - Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.
LC-B4.4	4º-LCB4.4.2 - Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.
LC-B4.4	4º-LCB4.4.3 – (adaptado) Aplica as normas de acentuación (cometendo poucos erros) e clasifica as palabras dun texto polo acento.
LC-B4.4	4º-LCB4.4.6 - Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
LC-B5.1	4º-LCB5.4.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

Os estándares marcados en amarelo deberán ser obxecto de repaso e reforzo ao inicio do vindeiro curso.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión dos datos existentes da 1ª e 2ª avaliación. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre (lembrando que nunca poderá supor un efecto negativo para o alumnado).
	Instrumentos: Controis escritos, diario de clase, listas de control, anotacións das revisións dos cadernos.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: valoración dos resultados das 2 primeiras avaliacións. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre, valorando os avances e aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p> Criterios de avaliación: O equipo de avaliación teremos en conta os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso, aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso. </p>
	<p> Criterios de cualificación: Valoraremos os datos obxectivos recabados durante o periodo de clases presenciais. Así como o esforzo neste periodo excepcional dende a declaración do Estado de Alarma. Quitámoslle peso ás consideracións sobre a participación e expresión oral, traballo en grupo e outros que non puidemos traballar e valorar neste terceiro trimestre. </p>
	<p> Procedementos e instrumentos de avaliación: valoración dos avances naquelas aprendizaxes que non tiña adquiridas. Instrumentos: controis e anotacións previas e traballo realizado. </p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A través da Aula Virtual, e para as familias con problemas de conectividade a Internet por fotocopias dende o concello.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA CARGAMOS AS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES NA AULA VIRTUAL (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO CO ALUMNADO POLAS MENSAXES DAS AULA VIRTUAL E EÑO TITORÍAS SEMANAIS COAS FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO, ONDE ME CONSULTAN AS DÚBIDAS. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p> <p><u>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA ENVÍOLLE AO CONCELLO OS DOCUMENTOS COAS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO COA MAIORÍA DE FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO. Só unha familia de inmigrantes marroquís se comunica comigo a través de notas cando lle recollen os traballos ou do concello. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p>
Materiais e recursos	<p><u>LIBROS DE TEXTO.</u> O concello levou a cada familia a totalidade dos libros de texto. <u>FICHAS.</u> Escaneadas ou baixadas de Internet. <u>ENLACES A PÁXINAS OU VÍDEOS DA REDE.</u> <u>AULA VIRTUAL E CORREO ELECTRÓNICO.</u></p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A parte de atoparse na páxina web do centro, en cada bloque de actividades de recuperación, reforzo e ampliación, xa se lle vai indicando (ao alumnado e ás familias) os estándares e competencias prioritarios.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.